



Terra de
mosteiros, un
obradoiro para
oito concellos



Páxina VI

A Mostra
Internacional de
Teatro de Ribadavia
certifica
a calidade



Páxina VII

Xunta e O Pereiro
de Aguiar
queren ampliar
o polígono



Páxina X

XVI edición da
Fiesta Mexicana
de Avión o 12
de agosto



Páxina XI

Entrevista a
Juan Tallón,
autor de
"Obra Maestra"



Páxina XIII

As Patronais de
Monforte,
"unhas festas
que serán para
recordar"



Páxina XV



Medalla de Ouro para o lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz

Páxina VII

Exposición fotográfica transfronteiriza sobre o río Limia-Lima en Xinzo

Páxina VI



Bar
FUENTEFRÍA
Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas
Rúa Viriato, 6
OURENSE



SANTABAIA
RESTAURANTE
Fins de semana
e festivos
menú especial
Churrasco para levar
Menús diarios
Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Alguén se lembra de Palestina, do Sáhara e do Curdistán?

Houbo un tempo en que falar de Palestina era referirse á 'gran crise de Oriente Próximo'. Con certos matices, políticos, expertos, analistas e activistas de moitas cores fixeron da causa palestina un leitmotiv. Pero se observamos o panorama de hoxe, son poucos os que creban a súa "pica de Flandres" por causas como a palestina, como tampouco o fan con causas como a curda e a saharauí, por colocar algúns exemplos non moi afastados xeograficamente.

Vexamos, primeiro, a actualidade. Biden vai de xira por Oriente Próximo, concretamente Israel, a Autoridade Nacional Palestina (única entidade lexítima recoñecida como tal) e Arabia Saudita. E tamén Putin fai o seu Orient Express, neste caso por Turquía e Irán. Cada quen manexando os seus intereses, os seus eixes xeopolíticos nesta 'nova orde global' que cheira a militarización a ultranza por mor da invasión militar rusa a Ucraína.

Noutros tempos, estas xiras eran noticia de primeira plana nos medios. Hoxe non

imos negar que seguen a selo pero por outras razóns. Aquí prima a 'enerxía' en clave xeopolítica e xoeconómica, particularmente ante as ameazas de desconexión enerxética rusa de Occidente. Así, é Ucraína o novo leitmotiv como mañá (non moi lonxe, por certo) pode ser Taiwán, a tenor das tensións in crescendo entre China e EE.UU.

Por realpolitik, Biden aterra principios que os mass media fanos crer que son básicos da política exterior estadounidense. Eses 'principios' de defensa da democracia e dos dereitos humanos que vense abaixo cando 'Occidente' (e digo Occidente cando é Washington tutelando a "otanización" de Europa o epicentro neuráxico dese poder) sabe que o circuíto económico global vese afectado cando encher o tanque de gasóleo custa 100€. Aí non hai cálculos 'prosaicos' nin 'éticos' que valgan. O que manda son os intereses, así teñas que negociar 'novas alianzas' económicas para garantir o subministro enerxético con países 'incómodos' como Arabia Saudita,

Acerbaixán ou Venezuela, que non destacan precisamente pola súa democracia e dereitos humanos. E con quen Washington soe ter 'encontronazos' de coidado, dependendo do contexto.

Agora ben, que ten todo isto que ver con Palestina, co Curdistán e co Sáhara? Pouco se o medimos dentro da mecánica incesante de intereses xeopolíticos que moven ás grandes potencias, sexan Estados ou corporacións. O foco está en observar que vai pasar con aquelas entidades que claman polo seu recoñecemento que poucos (non vou dicir que ninguén) quere ver. Que nin Biden, nin Putin, nin Xi Jinping, nin Europa nin Bill Gates nin Elon Musk entenden. Que nin queren recoñecer e nin sequera se atreven a dar un paso adiante por esas 'causas'.

Porque, no contexto de Oriente Próximo, Washington sempre vai defender a integridade dun Estado como Israel que leva sete décadas desangrando (vía ocupación militar) e descoñecendo que Palestina existe. Como tamén o fai Occidente con Marrocos co respecto ao Sáhara (sabes algo disto, Pedro Sánchez?) Ou cos curdos, eternos aspirantes a ser un Estado que ninguén quere recoñecer. Porque hoxe se fala incluso de que Turquía planea invadir militarmente o norte de Siria para asfixiar definitivamente calquera vestixio dun Cur-

distán soberano, en especial co respecto a esa experiencia "autoxestionaria" que é o Roxavá curdo.

Si, houbo outros tempos onde Palestina, Sáhara e o Curdistán eran motivo de mobilizacións sociais e de solidariedade a nivel global, pedindo o seu recoñecemento como entidades soberanas pero que os grandes centros de poder mundial silencian e ocultan como se foran cómplices dun delicto. Porque a ninguén lle importa que 160 países membros da ONU recoñezan que Palestina existe. E moito menos que máis de medio centener deles fagan o mesmo co Sáhara. Nese Sáhara que desafortunadamente está 'tocado' por riquezas en materias primas recen descubertas como o petróleo e o fosfato na súa plataforma marítima. Materias que Marrocos xa se ocupa habilmente de manexar ao seu antoxo para 'negociar' (como fai Putin coa enerxía) con eses centros de poder.

E xa nin falemos do Curdistán, cuxo infortunio é ter veciños tan intransixentes como Turquía, Siria, Iraq e Irán que se 'acomodan' ante un silencio occidental tan flagrante como cínico. Non hai nin haberá focos mediáticos para esas causas.



Saúde Ambiental

Por Francisco Peña. Fillo Predilecto de Ponteareas

A natureza de Ponteareas é saudable

Agradecer a invitación do editor deste xornal para escribir esta columna mensual "SAÚDE AMBIENTAL", iso me permitirá manter o contacto cos meus paisanos. Aproveito esta primeira incursión para valorar a natureza da nosa terra, que é preciso protexer e conservar, e mellorar na medida posible como legado para xeracións vindeiras.

O río Tea. É un afluente do río Miño, é a columna vertebral do territorio onde se asenta o concello de Ponteareas "A Vila do Corpus". O río Miño nace nas Serras do Suido, ten 50 km de lonxitude, baña os concellos de Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario e Ponteareas, e desemboca no río Miño, en Salvaterra de Miño. O río Tea é un LIC que forma parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea, por ter un enclave de alto valor ecolóxico e medioambiental. Cabe destacar as especies migratorias como o salmón, a lamprea e a anguía; entre a fauna asociada pódese atopar o

picapeixe (martín pescador), o merlo reiro, o azor, o falcón, a lontra. Na beira do río



Tea podemos atopar unha gran variedade de árbores, entre as que abundan os amieiros, tamén o bidueiro, maior, freixo, carballo, roble, marrón. As beiras do río Tea sempre foron un lugar atractivo para os veciños de Ponteareas y para os veraneantes; cabe destacar a praia fluvial de

A Freixa como lugar de disfrute da natureza para relaxarse, dar un mergullo e compartir amizade.

Rutas de sendeirismo. Existen varias rutas interesantes que cabe destacar. O camino circular do baixo Tea, tramo desde a ponte dos Remedios ata a ponte das Partidas (9,38 km), a ruta é gratificante e sempre á beira do río Tea, e sendo plana é moi asequible para todo o mundo. O camilo do río Tea dende Ponteareas a Salvaterra do Miño (17 km moi doado de andar), é unha ruta fermosa, a excursión comeza desde a praia fluvial de A Freixa, segue o curso do río Tea augas abaixo e chega ao parque de A Canuda en Salvaterra do Miño, ao pé da ponte internacional que nos une co noso país veciño, Portugal; polo camino atopamos tres imaxes relevantes: a ponte dos Remedios, a ponte das Partidas e a ponte da Fillaboa. A ruta Ourelas do río Tea desde A Freixa ata a ponte de O Caneiro (11,4 km), que comeza en A Freixa, augas arriba, pasando por vellos muíños e rodeando os regatos de Cillarga

e Padróns ata chegar a ponte do Caneiro.

O pico de A Picaraña.

Ascende a 387 m sobre o nivel do mar, nas proximidades de Ponteareas e moi preto do mosteiro dos PP Franciscanos de Canedo. Dende o alto pódense ver fermosas panorámicas de todo o Condado e gran parte do Val do Tea, así como a vila de Ponteareas e as súas parroquias. Dende o pico máis alto pódese ver o castelo do Sobroso. Teño un grato recordo dos meus paseos por visitar enclaves naturais en Arcos: A Pena do Equilibrio e A Pena dos Namorados ('dolmen', é un monumento da natureza que ten a súa lenda e a súa historia). Recomendo facer o Roteiro dos Penedos da Picaraña (máis de 20 penedos de diversos tamaños, catalogados polos seus nomes orixinais e lendas atribuídas), é unha ruta de interese paisaxístico, paga a pena considerar tendo en conta a riqueza forestal del entorno e as formacións rochosas, penedos, que marcan o carácter de esta ruta circular, que comeza no cruceiro do barrio de A Serra (Arcos).



Por Avelino Jácome

Un carballo nun camiño, un abrazo inmenso do home co home mesmo

Os camiños, os carreiros, os vieiros, as corredoiras, as congostras, as carballeiras e os sendeiros... canto sabe o home que non sabe nin os nomes dos camiños, canto ten que desaprofundar o home para viaxalos lixeiro?

O camiño das Estrelas, o camiño da leite, da leite das vacas que remoían a herba das carballeiras a sombra dos deuses, fuxindo dos tabans no verán, e a becerriña xa non tan nova, case cunha xovenca, que teimosa inda mama da ubre cobizada resistíndose a deixar o zume de súa nai. A vía láctea que xungue as vacas co inmenso ceo estrelado, porque as vacas teñen nos ollos as estrelas, e as estrelas agradecidas pintan un vieiro uni-



versal de leite e espírito, de encontro e acollida.

Un carballo sauda en Padroso ao camiñante, abondoso de polas e de cañota, er-

guese calado, humilde, para agasallar sombra e cobixo; casiñas para os paxaros, e acubillo para o pan de sapo e as lesmas, para os fentos e as herbas, un carballo como ofrenda, ara onde inmolar os vellos rancores e deixar agromar un novo home que se desfaga do cadáver da maldade e da egolatría aprendida.

E arredor os homes que aprenden a esquecer o mal aprendido e voltan a ser homes, cantan, recitan versos, agasallan sorrisos e amizade, honrando o símbolo do necesario, cando aprenderan os homes que compartir e a verdadeira riqueza, pensa o rei da fraga?

E alí danse cita a carón de Bieito Ledo, o home que molla a palabra as veces con viño e outras moitas dandolles vida, editandoas, buscandoas, traducindoas ou creandoas, os namorados da beleza: Armando González, César Luis Santamarina, Eladio Rodríguez,

Miguel Ángel Martínez Coello e moitos outros; pintores, músicos, amigos de olivos e carballos, de mar e de río, coma unha nova Santa Compañía Cultural, acabalo do eterno Camiño de Santiago, cerna dos latexos da alma.

O carballo será abrazado polos peregrinos que cargados de esperanza, levarán nas faltriqueiras os arrecendos dos tempos, onde os homes inda escoitaban as árbores e contaban as nubes que se paseaban entre as polas, poida que un día abracemos todos o carballo de Padroso, homes en ringleiras a milleiros chegados de todo o mundo, fagan rodas arredor e xogen coma nenos, celebrando o remate de todas as guerras, de todas as inxustizas, das fames, da pobreza, poida co mundo vire e desaprendamos todos o que nunca deberamos aprender.



Unha andrómene no Couto Mixto

En Ribas do Asneiro, o tempo non morre sen ser vivido antes. O tempo non foxe, estarrícase e rube ás polas, é un tempo mainiño e agarimoso. Saboroso coma as codelas molladas no sangue dun chourizo do fumeiro. O tempo cheira na Costa da Fonte a chamusca do porco e ás unllas quentes acabadas de arrincar, remedio para curar os catarros e o mal de ollo.

"O tempo chega sempre, deuno Deus, noso Señor" dicía a avoa Hortensia, e é certo, Xosé de Dominga, antes de escorrerse nas escumas, era o dono do tempo, sentábase no mazadoiro dos de Clara e detiñao convidando a un pitillo, daquelas, o tempo inda non se volvera testán nin fuxidío, era un tempo compañeiro, un convidado educado que marchaba cando se acaba a festa.

En Santiago de Rubiás o tempo está nas as das anduriñas, elas aniñan nas casas, receban os niños nas solainas e mullan o cu no regato do muíño, o tempo tamén se agocha na Arca das tres chaves e nos

xuíces. Detívose, enredouse e quedou anicado na sacristía e nun nome: Brandón, Brandón, Brandón! se te sentas na entrada sentes os seus pasos tristes, de cando dimitiu, pasos cargados de fondura, de bágoas e rabia, porque os que mandaban mudaron a lei e os tempos, a xustiza e o acordo.

Un poeta, Armando González, parou o tempo e nun "anaco de terra enteira sementada de esperanza...fronteiras de pedra e auga" cantou para que o tempo volvese mansiño coma as vacas ás ourelas do Salas nas mañanciñas de xeadas, para que o corisco ficase tenro, mentres, os cuxiños nados na friaxe da noite mamaban o primeiro colostro e espertaban en liberdade naquela terra "onde o pobo e ó que máis ordena".

Paraches o tempo, e volvíches "aquela entelequia" realidade, alomenos, nuns intres, cando ergueitos os peitos e pechados os ollos cantamos todos o himno nesa igrexa, elevando a liberdade dende a vella ara ó ceo.

E o tempo acompasou a María de "Portugal e Galiza" de "Galiza e Portugal"

porque ninguén pode mellor cantar que aquela a quen llo rezuma o sangue, "apátrida matriarca" ou matriarca das raías, desfacedora de fronteiras, ruliña do Ceo e de moito máis, naiña que no peito aniña cantares de mil paxaros. E entre os dous detivestes o tempo cantándolle ao Couto un fado, porque un pobo que ten un



himno, se quere ser Lusitano, a forza ten que ter un fado.

E na igrexa da Historia o tempo quixo volver polos carreiros arraianos e un e outro pobo cantaron xuntos: Que grande pobo seríamos, se nos deixaran gobernarnos!

E lembreime daquel tempo en Ribas do Asneiro, onde as vacas durmían nas cortes

e nós durmíamos enriba, lembreime das vacas de corno fino para vender na feira, do traballo da escofina para que luciran ben, e lembreime de ti, papá, berrando por min dende a xanela do cuarto de abaixo, para que viñera a xantar: Chiquito! Chiquito! porque o tempo estarrícase cando te xuntas cos que queres e volvese eterno.

Cando abracei a Armando, sentín esa alegría que ti me dicías, "os trunfos dos teus amigos son teus trunfos tamén" e véuseme ao acordo aquilo que me escribira un día falando de ti, "O mundo sería outro se todos os pais foran coma o teu" e cando mirei para a sacristía, pare-

ceume oirche decir: "Deixádevos de Andrómenas e ide comer o polbo, non se vos vaia pasar" e vinte chiscar un ollo agochado detrás do confesionario aloumiñando o lombo do tempo.

A Armando González, "o envexado", e a María do Ceo, xunquidora de Galiza e Portugal.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortífus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Setenta e cinco, e agora máis que nunca

Moitas veces teño pensado dar conta de moitas daquelas ansias polas que cabalgo os meus tempos. Non o fixen, mais hoxe vouno facer rompendo ese meu silencio da man dun acontecer para reflexionar e ter en conta. Trátase de falar dun bo amigo que viviu para loitar polos dereitos alleos. As amizades sempre son un tesouro que debemos estimar e considerar, no mérito enorme que posúen e esta amizade é Bieito Santos, un cura obreiro e tan humilde que resulta clandestino.

O outro día fun a Vigo e estiven na homenaxe que lle renderon, pública e con publicación dun libro conmemorativo. Merecida homenaxe a quen loitou, fóra de hábitos ou dentro deles pola honesta condición proletaria que nos xungue aos que nacemos sen padriño acaudillado, sobre todo aquela máis marxizada e “ninguneada” que trata de romper muros e ocultacións. Fomos algunhas amizades de todo tipo e idade, quixemos estar con el anque se escondese do foco. Non vou enumerar ás moitas persoas que puiden

saudar no mesmo acto, porque serían moitas e amais, a luz deste breve relato debe vincularse a el, que foi un máis no escaparate dos anos grises da ditadura. El, co seu exemplo, que foi un home bo, que mantivo o compromiso coa xente do traballo sobre todo nos comezos da industrialización desbocada que trataba de comernos a todos.

Mais eu, xa llo dixen a el antes aínda do comezo do acto, estaba alí por esa calidade de invisibilidade que lle asiste, capaz de facelo desaparecer dos ámbitos -poucos- de honra que se lle poidan brindar. Bieito estaba como avergoñado, diría encollido, mesmo quixo pedir desculpas por facerme andar tantos quilómetros. El, que foi sempre fiel amigo, compañeiro nas mágoas, escoitador atento das miñas teimas e co seu exemplo, predicador sen púlpito. El, que me honrou sempre coa súa atención e respecto, coa súa cortesía e recompensa. El, sobre todo, co seu exemplo. El, amigo e discípulo doutro ser entrañable e gran loitador, o P. Seixas, de quen tamén gardo memoria e veneración

por ser incansable sedutor da verdade, da estima polo propio e por facer fronte dando a cara a tanta ignominia que nos asegunda. Pois si, Bieito foi quen de, evocando ao seu mentor, facer algo. Na acción está o pan, o resto son apósitos. Máis que dicir, facer. Estivo en feitos, que é a única forma de tecer Nación. Non é moi falador, mais aínda cando cala, dá sentenza e cando fala, dá mil respostas. É máis de obrar, de operar. Entendeu moi ben as mensaxes recibidas da súa poliédrica escola da vida. Sempre compartindo o pouco que tiña, e en comunidade. Un ser de compromiso social e político. Unha persoa máis nas claves sindicais e formativas, mesmo neste desleixo absoluto e inhumano que tanto desprende a nosa sociedade. Liderou mobilizacións obreiras con grande empatía e intelixencia, coa súa enorme xenerosidade. Animador de galeguidade en actos e accións, no exercicio de ser quen somos, na reflexión máis humana de asumir a historia que nos relata e non nos reconece. Houbo cancións, houbo versos, mais houbo o exemplo dunha vocación enteira de servicio, máis alá das conviccións relixiosas ou espirituais, que nos poden ou non gustar. Por riba está a condición humana, os dereitos das persoas, os actos para mellorar esta estadía da vida que cada

vez máis nos empobrece.

Fixo 75 anos des que naceu en Corvillón (Cambados), fillo de agricultores e no medio de outros tres irmáns, fíxose xesuíta mais xa abocado ás cuestións obreiras, estivo nas minas en Asturias e traballou na construción. Sempre loitando contra as inxustizas laborais e na defensa dos dereitos dos traballadores. Ordenouse no 69 e foi soldador en Ascón, onde militou na loita obreira, no medio daquela enorme loita do naval vigués. Tamén foi celador no Xeral de Vigo, despois enfermeiro. Viviu en pequenas comunidades de Vigo, máis ben dos arredores, coido que en Teis. Ultimamente, na comunidade de xesuítas do colexio Apóstolo Santiago. Cantos “Bieitos ou Benitos” farían falta hoxe. Cantas amizades a fondo perdido, como el, farían falta para poñer en orde esta Patria que nos mira nun silencio pasivo e sospeitoso. En acabando o acto dixon que aquelas gabanzas á súa persoa eran excesivas. Agradeceu a nosa presenza e antes de marchar deume unha forte aperta.

Grazas Bieito, pola loita e polo exemplo. Moitos anos de vida!



Por Nemésio Barxa.

Nacionalcatolicismo

A Constituição Española, que todos os políticos invocam como inamovível e cada qual interpreta (ou incluso modifica) segundo seu interesse, considera sujeitos os cidadáos e os poderes públicos e constitui a España, além de um Estado social e democrático (art 1), num Estado laico ou aconfessional ao estabelecer que “nemguma confissão terá o carácter de estatal” (art. 16). A Transição, que em nada mudou os poderes económicos, políticos e judiciais, tampouco no caso da Igreja, cuio poder segue a ser onímodo e pretende ser uniconfessional.

Há poucos dias a Radio Galega, radio pública, e polo tanto laica, no programa “Pensando em ti”, o jornalista que dirige o programa da passo a um sacerdote que abençoa em direto seu novo estúdio multimídia e que em quatro minutos diz cousas como “el que cree y se bautice se salvará, el que se resiste a creer será condenado”.

Com motivo do Capítulo do Solsticio de Verão a Irmandade dos Vinhos Galegos decidiu celebrá-lo em Compostela e de

passo visitar a Catedral e fazer oferenda ao Apostolo com funcionamento do Botafumeiro.

Redigim a oferendo do seguinte teor: “Senhor Santiago, vimos cumprimentar-vos com respeito na maior catedral românica de Ocidente que levantou o Reino de Galiza por vossa grandeza. Somos uma associação de homens, amantes de Galiza, de suas gentes, seu território e sua fala, unidos na defesa do vinho, e tudo o que significou na vida e cultura no mundo, designadamente o vinho produzido na Galiza, por isso nos chamamos, Irmandade dos Vinhos Galegos... (por mor de espaço vou saltar um parágrafo que só fala do vinho). No S. IX e seguintes, muito antes da chegada dos monges de Cluny a Galiza, já exportávamos grandes quantidades de vinho galego a outras cidades europeias mercê á qualidade reconhecida do vinho do Ribeiro, até que no S. XVII rematou com este frutífero comercio a proibição, por causa de disputas pessoais de reis alheios, de exportar a Inglaterra. Sofremos perseguição de pró-

prios e alheios como o Sr. Santiago que suportou invejas desde Roma até cabeças reinantes, das que entendemos saiu adiante polas suas qualidades e a devoção de gentes que confiarem em Você. Invejas políticas do projeto de criação de um reino Cristiano chamado Galiza (“ocidentalía loca” que dize o breviarium apostolorum) ou humanas da independência religiosa de Compostela fronte a Roma ao haver-nos chegado o anuncio do evangelho diretamente por um dos apostoles mais próximos a Cristo.

Ainda que somos um grupo diverso no que uns podem ser cristãos, ou crentes, ou praticantes, também exceptivos, incrédulos, indiferentes ou incluso ateos e todos sentimos o amor a Galiza e consideração ao vinho, temos tudo o respeito e reconhecimento ao Senhor Santiago, conhecedores da sua pessoa, seus valores, da historia e incluso da lenda.

Somos gente de paz, romeiros que vimos visitar ao Santiago evangelizador, peregrino, ao Santiago predicador não ao invento de monarcas castelhanos numa batalha, como pouco, duvidosa na que espada em mão decapitava muçulmanos igual que Herodes te mandou decapitar; nos estaríamos com o senhor Santiago

no sofrimento do martírio e não nas cavalgadas guerreiras, tal vez inventadas, matando inimigos, igualmente rejeitadas polo nosso rei Afonso VIII (IX). Porque além da lenda ou da realidade, a invenção de tua sepultura, a noticia de teu magistério, supujo um impulso importante no mundo, na economia e no sentimento para nosso povo.

Por isso, Sr. Santiago, além de crenças ou lendas, recebe esta oferta que com todo carinho e respeito te faceemos os Irmandinhos do Vinho Galego, agradecidos”.

O texto foi-me censurado pela autoridade eclesiástica, mas o surpreendente é que a censura se centrou no rejeitamento que fazíamos do Apostolo guerreiro, no parágrafo que comeza com que “Somos gente de paz...”, a partires de onde expressa “não ao invento dos monarcas...” alegando que a batalha de Calvijo sim existiu, que a intervenção do Apostolo foi providencial e nos liberou do tributo das cem donzelas.

Segue a lenda ahistórica.



Por Dr. Xosé M^a Dios Diz, Médico especialista de AP de Outes

Incompetencia ou extratexia

“A esencia da estratexia é elixir que non facer. Moitos concéntranse nas súas ambicións, pero deixan ao carón as cousas que deben previr”. Michael Eugene Porter, 1947, académico americano.

A política de desmantelamento do Sistema Sanitario Público Galego vén de anos atrás. Os gobernos do PP na Galiza, practicaron a política de recortes nos servizos públicos que nos levaron a esta situación actual de deterioro da Sanidade Pública, que culmina co colapso actual nos Centros de Saúde e a masificación das consultas, incluídas as dos Hospitais.

No 2008 tiñamos unha Lei Galega de Saúde, que foi cambiada polo goberno de Feijoo en dúas ocasións: na primeira fixeron desaparecer 4 Áreas Sanitarias e a Participación Cidadá. Na segunda (declarada inconstitucional) quixeron facer obrigatoria a vacinación. Outras desfeitas practicadas, foron a falta de inversión na AP o que levou a que neste ano 2022 teñamos 2 millóns menos de orzamento que no 2021 e 14 millóns menos que no 2008 (cunha Pandemia por medio).

Na primeira modificación, anunciada o 07/12/2017, enchíase a boca a Feijoo dicindo que “blindará os 14 hospitais co-



marcais da comunidade, porque o que se trata é de facer unha sanidade máis próxima aos cidadáns e evitar máis de 250.000 desprazamentos aos hospitais das grandes cidades. Tamén se habilita o concurso aberto permanente, en resposta a unha petición reiterada dxs profesionais sanitarios”. O conselleiro, Almuíña, defendeu

esta reorganización (por suposto). O resultado foi que retiraron a categoría de Área Sanitaria a 4 destes hospitais (o do Salnés, A Mariña, o de Monforte de Lemos e o de Valdeorras). E a vista está o “éxito acadado”. Os hospitais comarcais supuxeron toda unha revolución asistencial para as súas poboacións de referencia. Hoxe, no 2022, adoecen de persoal e servizos que noutro tempo prestaron con gran capacidade e autonomía. A eliminación das Áreas Sanitarias fíxose nos hospitais máis periféricos, os máis afastados dos grandes hospitais de referencia. Foi un agravio para a poboación, convertindo aos usuarios/as en cidadáns de segunda categoría.

O INE publicou hai uns días os datos de colexiación médica correspondentes ao ano 2021, fornecidos polos propios Colexios Médicos. O 24,5% dxs médicos colexiadxs na Galiza, teñen 65 anos ou máis e outro 26,2% ten entre 55 e 64 anos, sumando un 50,7% de profesionais que ou ben xa superaron a idade legal de xubilación ou que se achegan a ela. Dez anos antes, estas porcentaxes eran moi inferiores, cun 10,6% de profesionais por riba de 65 anos e outro 23,8% entre 55 e 64, sumando en conxunto un 34,4% por riba de 55 anos. Dende diferentes organizacións, levamos anos demandando que hai que “facer un

plan de ordenación de recursos humanos, para identificar as necesidades de persoal e poñer solucións”. Este problema é a crónica dun desmantelamento anunciado. Nos datos xerais de médicos por habitante, Galicia tamén se sitúa por debaixo da media española (469 profesionais colexiadxs por cada 100.000 habitantes fronte a 499 no estado español).

Podríamos considerar que xs responsables de administrar a Sanidade na Galiza, son xente que está errada na súa forma de organizar o Sistema...pero a realidade é tozuda, e dinos, que dende fai moitos anos, síguese unha política determinada, onde priman os intereses corporativos, deixando de lado a eficiencia sobre o ben máis preciado que temos, a nosa saúde. Vemos as portas xiratorias que se producen en xente que se dedicou a sanidade privada e logo pasa a ser conselleira (Rocío Mosquera), vemos personaxes que levan anos e anos, en cargos intermedios na sanidade, levándoa ao seu desmantelamento e favorecendo a iniciativa privada cas súas decisións...e vemos a un responsable máximo, que acepta de bo grao esta forma de actuar... polo que podemos deducir que a estratexia está presente en todas as actuacións que fan.

Si non actuamos a tempo, para moitxs será tarde!

Por Xosé-Bieito Coello Coello

E os lumes seguen

Cando na ditadura de Franco a través da garda civil nos obrigaban a tódolos mozos e homes a ir apagar os lumes cunha simple vasoira ou xesta, non nos gustaba nada, mais tampouco acaba de gustarnos a moitos, o que fan agora de sacar toda a xente das aldeas cando o lume está preto. É certo que as vidas humanas son o máis importante e a súa salvación é prioritaria, de tódalas maneiras existe algunha xente nas aldeas que coñece perfectamente o entorno, e si dis-

pón dun sistema de auga con presión e bocas de rego dabondo, a súa actuación



podería ser fundamental para salvar as vivendas, incluso poderíase habilitar un soto, onde esa xente resgardaríase nun caso extremo. Este ano e outros, xa se deu o caso de que unha soa persoa, ou entre poucos veciños, foron capaces de salvar

unha aldea. Iso sí, primeiro os donos dos terreos coa colaboración dos Concellos teñen que ter perfectamente limpos os arredores das casas e

naves, para o que o PSOE e BNG no goberno bipartito, marcaron unhas distancias de protección, e que o PP reduciu practicamente a metade e que nin sequera se fan cumprir.

Co cambio climático cada vez os lumes van ser máis imprevisibles e violentos, e aínda que pidamos axudas solidarias, temos que prepararnos como particulares, máis tamén os Concellos, e sobre todo a Xunta, teñen moito que mellorar. Para cando un plan forestal adecuado ós intereses de Galicia e non so de algúns propietarios e certas empresas? Para cando se deixará de investir tanto en apagar lumes e tan pouco en prevención?

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Terra de mosteiros, un obradoiro para oito concellos

Un traballo feito para a veciñanza"; así o manifestou en Paderne de Allariz o delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, na clausura do obradoiro de emprego Terra de Mosteiros 2021, tras supervisar as actuacións desenvolvidas polos alumnos acompañado dos alcaldes da Mancomunidad. Este Obradoiro, no que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investiu 366.446 euros, formou a 20 alumnos - traballadores nos módulos de actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (10) e revestimentos con pastas e morteros en construción (10).

No Concello de Esgos os participantes desenvolveron tarefas de acondicionamento do lavadoiro de Meiroás; acondicionamento da Aira das Pallozas e muro perimetral existente no conxunto das pallo-

zas; tratamentos silvícolas no enlace entre o Monte Litoria e o Camiño Natural da Ribeira Sacra.

No Concello de Nogueira de Ramuín realizaron actuacións de mantemento da ruta sendeirismo Maquiño Largaño; tratamentos silvícolas sobre redes secundarias e terciarias de xestión da biomasa forestal; acondicionamento do entorno dunha fonte en Cerreda Corgo da Fonte e de acondicionamento do conxunto de elementos dunha fonte en A Tellada.

En Paderne de Allariz desenvolveron tarefas de adecentamento da Aira de Caxamonde Obras para a conservación do Forno de Caxamonde; tratamentos silvícolas na área recreativa de Caxamonde; limpeza do entorno dun lavadoiro no lugar de Caxamonde; tratamentos silvícolas na área recreativa do Pazo; recuperación das beirarrúas no lugar A Beirada; limpeza das inmediacións dunha

fonte e un tanque ubicados na Beirada; limpeza do entorno do lavadoiro en Ousende; limpeza do entorno dunha fonte en Ousende; limpeza de mantemento da área recreativa do Moredó; recuperación dun noiro na Costa; tratamentos silvícolas no Lugar de Outeiros; mantemento das estruturas de drenaxe das augas de escorrentía nas pistas forestais do entorno de Cantoña; mantemento das taxas abertas e vados empedrados na pista forestal en Cantoña; limpeza e adecentamento das beirarrúas na OU101-OU102-OU102.

No concello de Parada de Sil realizaron actuación de adecentamento do entorno da nave da castaña; pavimentado dun camiño no Lugar de Guendon; acondicionamento de seis fontes e lavadoiros en San Lorenzo, Fondevila, Sardela 1, Sardela 2, Campo da feira, Parada e O Porto; trata-



Clausura do obradoiro coa presenza dos alcaldes da mancomunidad.

mentos silvícolas en Cabezoá, Trabancas, Requian, Paradellas, Teimende e Os fios.

No concello de Pereiro de Aguiar leváronse acabo actuacións no lavadoiro; no alpendre de Chaodarcas de Arriba; mantemento das sendas Cortiñas- Cruceiro de Vales, Pereiro- O Vilar e Urb. Monterrei- Lamela.

No concello de San Cibrao das Viñas limpeza de mantemento na área recreativa do Corgo e asentamento duns muros, limpeza de canles e muíños na Área recreativa da Boutureira

No concello de Xunqueira de Ambía realizaron labores de acondicionamento dos Lavadoiros: Casasoá Bobadela Busteliño Salgueiros Vilanova e tratamentos silvícolas en diferentes zona do Concello (Abeleda, Vilanova, Cima de Vila, Sobradelo, Traseira do Antigo Cuartel da Garda Civil, Vellorio de Xunqueira de Ambía, O Palacio).

No concello de Xunqueira de Espadanedo acometeron actuacións de acondicionamento de lavadoiros en Eirexa, O Campo, Ramil Pequeno, Abelleira, Praza da fonte e Obellariz así como tratamentos silvícolas sobre redes secundarias e terciarias de xestión da biomasa forestal.

Exposición fotográfica transfronteiriza sobre o río Limia-Lima en Xinzo

A Casa de Cultura e Xuventude do Concello de Xinzo de Limia acolleu a exposición "Fronteira Esquecida. Itinerario Fotográfico Río Limia-Lima.", coas mellores fotografías dos fotógrafos profesionais que documentaron o itinerario transfronteirizo perfilado, na parte galega, pola Deputación de Ourense a través dos 11 concellos galegos bañados polo río Limia-Lima.

Esta acción está enmarcada dentro do proxecto Fronteira Esquecida, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, cuxo obxectivo principal é potenciar os recursos naturais e culturais do río Limia-Lima, e a súa contorna, e en base a iso crear e desenvolver unha estrutura de xestión e promoción conxunta que potencie o aproveitamento



Fotógrafos ourensáns e portugueses documentaron o recorrido do río dende o Monte Talariño ata Viana do Castelo.

turístico da zona.

Dentro das actividades deste proxecto creouse este itinerario fotográfico que, agora, deriva na exposición "Río Limia-Lima. Caudal de emocións", e que despois de estar no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense chega á Casa de Cultura e Xuventude do Concello de Xinzo de Limia. A mostra iti-

nerante recolle as mellores imaxes do territorio que baña o río Limia-Lima, desde o seu nacemento no Monte Talariño (Sarreaus) ata a súa desembocadura en Viana do Castelo, realizadas por profesionais portugueses (Pedro Cerqueira, Eduardo Pimenta e Miguel Costa) e ourensáns (Paco Rocha, Rosa Veiga e Miguel Souto).

Música de cámara no mosteiro de San Salvador de Celanova

O Festival Hércules Brass Celanova, nacido en 2014 por iniciativa de Hércules Brass e a Asociación Cultural Xingros, organiza a súa oitava edición cun programa de cinco concertos no claustro do mosteiro de San Salvador de Celanova programados do 1 ao 5 de agosto. Arrancará coa actuación da Banda de Música de Celanova e Hércules Brass o luns 1 de agosto. Continuará Kambrass Quintet o martes e o trompetista Sergei Nakariakov acompañado pola pianista Maria Meerovitch actuará o mércores. A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá un recital o xoves e rematará Hércules Brass Ensemble, dirixido polo trombonista Christian Lindberg, o venres 5 de agosto. O artista sueco será director e solista nunha velada que pechará a esta edición coa posta en escea do grupo formado polos alumnos do

certame.

Ademais de concertos, un total de 92 estudantes de diferentes comunidades autónomas complementarán a súa formación musical con clases de perfeccionamento cos artistas participantes no festival. As clases de trompeta, trompa, trombón, eufonio e tuba con clases de música de cámara e repertorio orquestral.

O director xeral de Cultura da Xunta participou na presentación do Festival e tamén da exposición Love Velo, en homenaxe a Xosé Velo Mosquera con motivo do 50 aniversario do seu falecemento e que conta coa colaboración da Xunta, o Concello de Celanova e a Deputación de Ourense. Comisariada polo celanovés Aser Álvarez, poderase visitar durante o mes de agosto na sala dos Arcos de Celanova.

Redacción OURENSE

Medalla de Ouro para o lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz

O lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz recibiu nun solemne acto celebrado no salón de plenos da Deputación a Medalla de Ouro da Provincia, por toda unha traxectoria intelectual caracterizada polo seu compromiso coa defensa do galego e da cultura galega, “como privilexiados que somos polo grande tesouro cultural e lingüístico que nos legaron os antepasados”, afirmou o homenaxeado. Unha medalla que distingue “a un home de fe e de círculos principios morais, cunha personalidade pragmática e de enorme vitalidade”, asegurou pola súa banda Manuel Baltar, que presidiu o acto.

Alonso Estraviz dedicou a me-

dalla aos seus pais, irmáns, “ao padre Plácido de Oseira que me recibiu no mosteiro”, e agradeceu a distinción concedida por unanimidade pola Deputación no pleno do 25 de outubro de 2019. Un recoñecemento “que me enche de alegría, porque sentín sempre un grande orgullo de ter nacido nesta terra, a que quero e amo apaixonadamente”.

Unha terra, subliñou “coa lingua máis bela e rica das derivadas do latín, pola que debemos loitar con paixón para que florezca, xunto coa cultura, como en tempos pasados”. Isaac Alonso afirmou sentir orgullo de ser galego “por todas as partes por onde andei”, comprobando a través dos seus traballos “o asombrosamente rico que é o

noso rural, por lingua, vocabulario e cultura”.

A profesora e catedrática de Filoloxía Española da Universidade de Vigo, María do Carmo Henríquez Salido, leeu a laudatio, destacando na súa intervención que Alonso Estraviz, como humanista e filólogo, realizou “relevantes contributos no ámbito da lexicografía e filoloxía galego-portuguesa, nun mundo no que é difícil citar outras personalidades de igual categoría e capaces de elaborar durante varias décadas unha obra tan meritoria e dun único autor”, en referencia ao Dicionario da lingua galega.

O apartado musical do acto estivo a cargo de José Luis Fernández e Xico Paradelo, que ade-



Estraviz recibiu a medalla “pola súa defensa do galego e da cultura galega”.

mais do poema de Carvalho Calero Quem me quixo e da composición Filandia de Sibelius interpretaron como peche o himno da provincia, Ourense no solpor.

Nado en 1935 en Vilaseca (Trasmiras), o lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz ten publicados numerosos traballos filolóxicos e culturais, sendo unha das súas obras fundamentais Estudos Filolóxicos Ga-

legoportugueses, publicado en 1987. Traduciu ao galego importantes textos litúrxicos desde o latín e obras de diversos autores, ademais de escribir destacados ensaios sobre o futuro das linguas minoritarias na Europa comunitaria. Como lexicógrafo é autor de obras sobre o léxico galego, merecendo especial consideración o Dicionario da Lingua Galega.

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia certifica a fidelización e a calidade

O incremento do número de abonos para todos os espectáculos do castelo e a alta valoración das votacións evidencian os parámetros de calidade e consolidación da súa distinción no abundante panorama de oferta de lecer deste verán de 2022.

O Premio do Público desta edición 2022 foi para Hamlet, da compañía peruana Teatro La Plaza. O público concedeu un 4,78 sobre 5. De preto e en segundo lugar o espectáculo Demente, cun 4,68 e en terceiro posto La Infamia cun 4,42. A implicación do público tamén se comproba nas porcentaxes de votación ao finalizar a representación, que se viu notablemente incrementada con respecto a anteriores edicións.

A coherencia e a aposta polo compromiso social desta edición, que ten en conta as marxes e a inclusión ou a memoria, tamén suscitou o interese e a maior curiosidade do público nos foros da MIT, que se realizaron todos os días despois de cada función no patio do Museo Sefardí con aforos completos e unha participación moi activa. Esta iniciativa amosa



o compromiso pola calidade dos servizos e a convicción de que unha verdadeira casa do teatro non é só un espacate de espectáculos, senón unha preparación de actividades pedagóxicas e divulgativas para comprender, preguntar e facer que a experiencia sexa máis completa e gratificante para o público. Nese sentido, dentro das actividades paralelas, tamén queremos destacar a relevancia e transcendencia social e profesional que tivo o 1º Encontro Interxeracional de Profesionais das Artes Escénicas de Galicia. Nel produciuse un memorable espazo de convivencia, reflexión e propostas para unha mellor relación profesional nos procesos de creación entre as novas compañías

e profesionais e as máis veteranas. Deste primeiro encontro saíran unhas conclusións que serán trasladadas ás administracións competentes para impulsar actividades e prácticas que favorezan a inserción, mentorización, reciclaxe profesional do sector e optimización dos recursos para o ben común.

Ruadavia

Na análise final e valoración tanto dos aspectos positivos coma dos asuntos a mellorar despois desta 38ª edición, a MIT constata a relevancia dos espazos SputMIT e Ruadavia como un lugar para o fomento das artes de rúa, que se verán incrementadas cara a futuras edicións na medida do posible. Os espectáculos nocturnos e itinerantes iran incorporando unha

vez pasada a recuperación das restricións da pandemia polas rúas e prazas de Ribadavia. Outro aspecto no cal a organización seguirá traballando ten que ver coa confortabilidade do público

no Auditorio Rubén García do Castelo, unha vez instaladas as butacas co aforo completo, para que a experiencia se vexa acompañada pola calidade do programa e a beleza do entorno.

ANTOMS



Cordeiro no Mesón do Manolo

Ao Mesón do Manolo, aberto desde fai 35 anos, acheganse comensais de Madrid, Barcelona e Portugal, ademais dos habituais de Ourense e Galicia. Van na procura de anguías, bacallau, polbo, chuletillas, cordeiro asado e as sobremesas caseñas. O local ten capacidade para 90 persoas, na rúa Greco, 21 de O Couto.



O Piorno ten 23 anos

O Piorno leva 23 anos aberto na avenida de Portugal, 130 para ofrecer menús diarios. Pero tamén almorzos, mariscos, viños e tapas ao mediodía. Polas tardes está pechado así como os domingos todo o día.



Teñen ese capricho

Choli, Sito, Vélez, Toni, Sueiro e Javier son ourensáns habituais de O Capricho na rúa Lepanto, 17. Son amigos desde a infancia e continúan cos seus encontros para falar de todo un pouco e arranxar os problemas do mundo.



Encontro en Lobera

Estes clientes xa frecuentaban bar Lobera, no Couto, cos anteriores propietarios. Agora siguen fieis ao local baixo a dirección de Adela, que posa con Flores, Miqui, José Luís, Pachi e Moncho. Tamén continúan coa costume de botar unas cántigas, tanto sentados coma de pé.



Torremolinos
Café Bar Torremolinos

Establecimiento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Cruceiro Regulador Denominación de Origen

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
VEGETARIANOS Y VEGANOS

MariaTapas
Bar

Comidas para levar

Rúa Unión 1
651 853 881

OIL PINTUCO

Recogida de Aceites y grasas vegetales,
Limpieza de Campanas,
Extractores, Salida de Humos
y Decantadores de grasa.

680 956 669
655 392 375

OURENSE Correo: oilpintuco@gmail.com

Artistas no Trasno

Ángel recibiu no seu local da rúa Lepanto, 10 aos artistas Alexandro e Antón Lamazares. O ourensán Alexandro reside en Muxia e desta volta trouxo consigo a Lamazares, residente en Vigo. Non é a primeira vez que veñen e aseguran que non será a última.



Casa de Galicia en Valladolid



Fernando e a súa dona María José, son de Valladolid e viñeron a Ourense a coñecer a Ribeira Sacra, pero tamén Xinzo e Verín. Logo da estancia en Tapería Alpendre Pulpo, no casco vello de Ourense, onde degustaron as viandas e o licor café, partiron para A Coruña. Fernando é directivo da Casa de Galicia de Valladolid, que preside Antonio Barbosa.



Galardón para Saborido

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro galardoou á Tapería Saborido, no barrio ourensán da Ponte, pola súa implicación na promoción do viño do Ribeiro. De feito o local, con viñoteca, ten 500 referencias de viño que abonda para degustar os embutidos ibéricos e serranos, os queixos e tapas. Juan Vázquez, José Manuel Saborido e Fina Álvarez, celebran o premio e están orgullosos do traballo que fan desde fai 30 anos.

Trasníños
ARÁNDANOS
 SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES
 ¡Da terra a túa mesa!
 Pedidos: 617 41 80 17.
 O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

Capricho
 Servizo a domicilio
 CASCO HISTÓRICO OURENSE
 Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
 Tfno. 988 981 601

CAFÉ BAR O' PIORNO
 Almorzos. Tapas.
 Menú do día.
 Avda. de Portugal, 130
 Tfno. 988 244 154
 OURENSE

Meson do Manolo
 Carta e menú do día. Comidas de empresas. Celebracións.
 Rúa Greco, 21. Tfno 988 22 14 58 O Couto - Ourense.

Xunta e O Pereiro de Aguiar queren ampliar o polígono

A Xunta de Galicia e o Concello do Pereiro de Aguiar avaliaron xuntos os próximos pasos a seguir desde o punto de vista municipal para avanzar na posible ampliación do polígono do municipio. Este foi o asunto principal da reunión que mantiveron hai uns días a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, o alcalde, Luis Menor, e o presidente da Asociación de Empresarios do Parque Empresarial do Pereiro, Eduardo Cid.

O proxecto de ampliación, que abrangue un ámbito de ao redor de 194.000 metros cadrados, está incluído na modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAG), que actualmente está a tramitar o Goberno autonómico.

Neste sentido, faise necesario incrementar a superficie actual do polígono debido a que, nestes momentos, xa non queda ningunha parcela dispoñible coa que atender á demanda de solo empresarial neste municipio.



Luis Menor, Ángeles Vázquez e Eduardo Cid.

Ángeles Vázquez confirmou que a posible ampliación do parque do Pereiro de Aguiar está prevista na segunda revisión do PSOAG, pendente de aprobación definitiva. En todo caso, explicou que a súa execución material está condicionada a que se garantan unha serie de servizos básicos cos que cubrir de forma satisfactoria as necesidades das empresas chamadas a ocupar as futuras parcelas.

A conselleira puxo aos técnicos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) á disposición do Concello

para asesoralos e colaborar na medida do posible sobre as xestións necesarias para avanzar na posible ampliación desta área empresarial.

O polígono do Pereiro de Aguiar foi promovido no seu día pola Xunta, cun investimento de 12,74 millóns de euros. En novembro do ano 2009 remataron as obras de urbanización da última fase do parque empresarial, que conta cunha superficie total de máis de 600.000 metros cadrados e no que todo o solo destinado a parcelas está actualmente ocupado.

Intercambio internacional en Ordellas



Xuventude no albergue de Ordellas.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, asistiu ao Intercambio Internacional organizado pola asociación Sustinea, que tivo lugar no Albergue de Ordellas (O Pereiro de Aguiar). A actividade contou coa presenza de 27 mozos e mozas procedentes de Ucraína, Francia e España.

Pola tarde, desenvolvéronse xogos populares, internacionais e interxeracionais, ademais dunha degustación de pratos de cada país. Así, durante a visita, Cristina Pichel puxo en valor a importancia da interculturalidade así como os aspectos positivos da mesma, ademais da necesidade de educar en valores de tolerancia e respecto.

Luis Menor asume a presidencia do PP do Pereiro

Luis Menor Pérez asumiu a presidencia da agrupación do Partido Popular en Pereiro de Aguiar, logo de recibir o apoio unánime dos compromisarios no congreso local extraordinario celebrado no auditorio dos Gozos. Un reto no que estará acompañado por unha executiva que integran 20 mulleres e homes, dez máis que ata agora, “para reforzar a nosa maioría e sumar novos apoios a este proxecto político co que queremos seguir transformando o Concello”, afirmou o xa presidente da xunta local e alcalde do Pereiro.

No acto de clausura do congreso, o presidente provincial do PP, Manuel Baltar, asegurou que “Luis Menor reafirma hoxe o seu liderado nun concello de referencia en Galicia que foi quen de transformar, dando todo de seu para responder á confianza que Pereiro de Aguiar estalle a dar”. Vocación e ilusión para un proxecto que incorpora a máis xente “e onde en política sumar é multiplicar”.

Luis Menor tivo palabras de agradecemento para os compromisarios



Intervención de Luis Menor Pérez.

polo seu apoio unánime, para as persoas que lle acompañan na nova dirección, para os preto de cen asistentes ao congreso e para Manuel Baltar “pola confianza que deposita en min para liderar a xunta local do partido”.

Lembrou que no 2019 “fixemos un proceso exemplar de transición, un cambio rexido polos principios de xenerosidade das persoas que se fixeron a un lado, e de responsabilidade para os que asumimos a tarefa de renovar un equipo e un proxecto político”. O amplo apoio da xente naquel proxecto “devolvémolo en forma de

traballo continuo e moitos proxectos realizados” e agora, engadiu, a pouco máis de nove meses das eleccións locais de maio de 2023 “agardamos que esa xestión sexa o noso aval para seguir contando coa confianza maioritaria da veciñanza”.

Recoñeceu que este é un escenario político diferente ao do 2019, pero afirmou que entre os seus obxectivos está “reforzar a maioría sen perder nunca a nosa esencia, abertos a calquera cambio que redunde en beneficio dos nosos e cun partido esponxa que saiba dar resposta ás necesidades dos habitantes de Pereiro”.

III Festa Etnográfica en Loñoá

Un ano máis, e despois de dous anos de parón debido á Covid-19, o 7 de agosto de 2022, volve con forza e enerxía a 3ª edición da Festa Etnográfica do Pereiro de Aguiar, no lugar de Loñoá.

Será un encontro festivo, cunha edición adicada ao gremio artesán, ás veces pouco valorado, que nestes anos coma moitos outros sectores, viuse contra as cordas, tendo que cesar a súa actividade un de catro artesáns. Por iso, este a organización quere adicarllo a estas persoas, que aportan arte, beleza e sobre todo a recuperación da nosa cultura, oficios tradicionais e vivencias ancestras. Haberá recreación en vivo de diferentes oficios tradicionais galegos como son a cestería, olería, ferreiría, o tecido das palilleiras e o encaixe tradicional, a talla en madeira, apicultura e moito máis. Asistirán 25 artesáns, que mostrarán o seu delicado traballo e darán a oportunidade de mercar algunha das súas pezas e produtos locais.

O programa é variado: música, xogos populares, obradoiros infantís e para adultos, ata ruta etnográfica teatralizada da olería tradicional de Loñoá e a apertura da Casa-museo do Oleiro de Loñoá, con moitas pezas de olería entre outros moitos aparellos e artiluxios curiosos, hoxe en día xa esquecidos e en desuso. E como non podía faltar nunha festa, haberá varios puntos onde poder xantar e degustar produtos da terra nun ambiente festivo e en boa compañía.

Redacción OURENSE

A revista cultural Nós a Xente do Redor presentouse na Veiga

Na sala de conferencias O Toural no Concello de A Veiga, presentouse o número sete da revista cultural Nós a Xente do Redor, con gran asistencia de preto dun cento de persoas chegadas de distintos puntos de Galicia e Portugal.

No acto interviñeron os autores que participaron neste número, recibindo os exemplares da revista e unha reprodución da lámina da portada, obra nesta ocasión do pintor Paco Ascón, afincado dende fai moitos anos en Xares, pertencente ao Concello da Veiga.

A presentación contou coa presenza do alcalde de A Veiga e anfitrión Juan Anta, colaborando estreitamente nesta iniciativa cultural que achega un acto desta índole a o mundo rural nun marco incomparable.

O director da revista Avelino Jácome, agradeceu o apoio mostrado polo grupo da Xente do Redor, e mais o concello de A Veiga, facendo fincapé no necesario de conseguir que distintos colectivos cooperen para impulsar o desenvolvemento do medio rural e a conservación e transmisión dos

valores tradicionais que compoñen un legado fundamental.

Ao serán tivo lugar unha charla coloquio que baixo o título “Implicacións culturais e ensino, tradición e desenvolvemento no medio rural”, analizou as oportunidades que ofrece o contacto coa natureza, iniciativas de novo negocio, fixación de poboación... do que A Veiga se ven constituíndo como un claro referente.

Na charla interviñeron, Carlos Xabier Ares, escritor e investigador social, César Luís Santamarina, escritor e economista,



Algúns dos participantes na presentación.

Paco Ascón, pintor e escritor, Juan Anta, alcalde de A Veiga, Avelino Jácome, empresario editor e escritor, Adela, ecoloxista bióloga e escritora, Benito Eladio Rodríguez, adegueiro e escritor e Piedad Valencia, mestra con

gran experiencia no ensino. Abriuse turno de preguntas e respostas co público asistente.

Como remate da xornada, os autores e colaboradores realizaron unha visita guiada ao observatorio Centro Astronómico Trevinca.

XVI edición da Fiesta Mexicana de Avión o 12 de agosto

A localidade ourensana de Avión volverá a ser o venres 12 de agosto a sede da súa Festa Mexicana, “a mellor festa mexicana que se celebra en España”, en palabras do vicepresidente primeiro da Deputación, Rosendo Fernández, que participou na presentación da XVI edición da festa xunto ao alcalde deste municipio, Antonio Montero, a organizadora, Isabel Gabián, e Marcelo Quintana e Jesús Carrillo, representantes -respectivamente- dos restaurantes mexicanos Rincón Azteca do Carballiño e El Mexicano Taco Bar (A Coruña), colaboradores xunto ao Chilam Balam (Vigo) e o Mesón Mexicano (Tourón -

Pontecaldelas).

Na súa intervención, Rosendo Fernández resaltou o nivel da programación da Fiesta Mexicana de Avión, organizada como cada ano polo Concello de Avión en colaboración coa Deputación. O vicepresidente primeiro situou a gastronomía como “un factor diferencial desta festa” e valorou esta “merecida homenaxe aos emigrantes, que tanto fixeron pola nosa terra”. Un punto que tamén remarcou na súa intervención o alcalde de Avión, Antonio Montero.

Pola súa banda, Isabel Gabián sinalou que esta xa é unha festa de referencia en Galicia: “Será



Marcelo Quintana, Rosendo Fernández, Antonio Montero, Isabel Gabián e Jesús Carrillo.

unha ‘tardeada mexicana’, con actividades infantís e que ademais contará con dúas agrupacións de

mariachis, de sete e oito compoñentes, para traer a mellor música mexicana a Avión”. Tamén destacou

a variedade da gastronomía que ofertarán os catro restaurantes colaboradores. Nesta liña, Marcelo Quintana e Jesús Carrillo, como representantes de dous deles, convidaron á asistencia a un evento que arrancará ás 18,30 horas do 12 de agosto na Praza da Igrexa.

A organizadora do evento repasou os detalles dunha programación que converte a esta festa “nunha referencia absoluta en España. Non hai unha mellor festa de exaltación da cultura mexicana en España que esta”. Gabián tamén resaltou a colaboración dos “nosos maiores, do centro Alvetus, que puxeron o seu gran de area nesta festa axudando a confeccionar as

O escritor e editor Francisco Castro Veloso (Vigo, 1966) é o gañador do XIX Premio de literatura infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez, na modalidade de narración, pola súa obra Xoán, Xoana. O xurado destaca a “excelente calidade” literaria dun texto no que se observa “un gran equilibrio entre os diálogos e a narración”, sinalando ademais “a achega de valores interesantes” ao tratar un tema de plena actualidade como “a reafirmación de identidade na adolescencia”. O xurado tivo en conta “o bo manexo do rexistro de personaxes e

Francisco Castro gaña o XIX Premio de literatura infantil e xuvenil Pura e Dora

do ritmo narrativo”, así como o feito de que “a obra potencia dende o principio o interese por coñecer o final e por saber que vai pasar”. No relativo á temática, o autor “dá visibilidade aos aspectos de xénero, que trata con naturalidade nun contexto educativo, e dá voz á diversidade”, sinala o xurado. Xoán, Xoana aborda unha cuestión que, nestes contextos, “produce as veces situacións de conflito como é o acoso a través do fútbol e nos

patios de recreo”, ademais de reflectir un problema “que se presenta, tanto entre os nenos como cos adultos; no colexio, e na familia”.

Francisco Castro estudou Filosofía na Universidade de Santiago, é cronista cultural en varios medios galegos e na actualidade dirixe a Editorial Galaxia. Na súa traxectoria como escritor xa foi distinguido con diversos galardóns, como o Premio Frei Martín Sarmiento por Un bosque cheo



O xurado reunido.

de faias (2004). En 2006 recibiu o Premio Blanco Amor de novela longa con Spam. Un ano despois gañou o Premio de Novela Manuel García Barros, concedido polo Concello da Estrada, coa novela

As palabras da néboa. Tamén en 2007 foi distinguido co Frei Martín Sarmiento ao mellor libro do ano por O ceo dos afogados. En 2009 obtivo o Primeiro Accésit e Pluma de Prata no I Certame de Xornalismo de Opinión Raimundo García “Borobó”, e tamén nese ano publicou a novela Chamádeme Simbad (Lista de Honra de IBBY 2012) e Premio Frei Martín Sarmiento 2011. A finais do ano 2010 foi nomeado presidente de GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), cargo que desenvolveu ata finais de 2015. En 2020 Iridium foi incluída no Catálogo do Centro IBBY de Docu-

A Hidrográfica mellorará o saneamento do núcleo de O Cebreiro

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e José Luis Raposo, alcalde do municipio lucense de Pedrafita do Cebreiro, rubricaron o convenio de colaboración que determina as condicións para o financiamento, execución e posterior entrega das obras de rehabilitación do sistema de saneamento do núcleo de O Cebreiro.

Na actualidade O Cebreiro dispón dun sistema de saneamento de funcionamento unitario que recolle as augas pluviais de escorrentía captadas polas reixas para mesturalas coas augas residuais, sendo este sistema o máis común en núcleos de poboación illados. A problemática estriba

en que o exceso de caudal en tempo de choiva xera un funcionamento incorrecto do sistema de depuración.

O presente convenio ten por obxecto a redacción do proxecto e execución das obras de rehabilitación deste sistema de saneamento obsoleto, ademais da redacción do proxecto de nova EDAR que executará o Concello.

O novo proxecto

As obras para executar consistirán na transformación do actual sistema de saneamento unitario nun separativo de nova construción, de maneira que as augas residuais sexan conducidas á EDAR, mentres que as pluviais derívense da rede para ser entregadas directamente ao medio natural, sen

que se produzan afeccións sobre o medio ambiente.

As actuacións proxectadas consisten na execución dun novo colector de augas residuais con conexión de acometidas e desconexión dos sumidoiros que recollen augas pluviais; construción dun novo colector de augas pluviais e conexión de sumidoiros; e as obras necesarias de disipación de enerxía para evitar erosións na desembocadura do colector de pluviais.

O investimento necesario para estes traballos estímase en 669.955 €, financiados íntegramente pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Pola súa banda, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, sufragará na súa totalidade as obras de construción da



José Luis Raposo e José Antonio Quiroga.

nova EDAR que dará servizo ao núcleo de poboación de O Cebreiro, cuxo importe ascende a 134.000€.

“O valor patrimonial deste lugar obriga á utilización de materias autóctonas que se integren na beleza e características peculiares dunha zona cargada de lendas, tradicións, cultura e historia. Asumiranse, para iso, os requirimentos esixidos pola Dirección Xeral de Patrimonio” explicou Quiroga.

“A colaboración institucional é a clave para conseguir proxectos importantes para preservar e mellorar a calidade das augas dos nosos leitos fluviais, sendo fundamental a implicación dos gobernos locais como canle de comunicación máis directo e claro, polo coñecemento que posúen das necesidades reais das zonas ás que representan” concluíu o presidente.

Artesanía de Galicia no Courel cos oficios artesanais

A Fundación Artesanía de Galicia, organizou por segundo ano consecutivo Artesanía de Galicia no Courel, co obxectivo de impulsar a divulgación e a posta en valor dos oficios artesanais, de visibilizar a marca Artesanía de Galicia e de fomentar o relevo xeracional no sector. Celebrouse en diferentes espazos do Courel coa colaboración do Concello de Folgoso do Courel e da Fundación Uxío Novoneyra. Contou con 11 obradoiros de iniciación a diferentes oficios como son a ourivería, o torno cerámico, o tecido, a restauración de mobles, a marquetería, a estampaxe, o bordado, a ilustración e a cestería.

As actividades desenvolveronse no Centro Sociocultural Fondo de Vila, en Folgoso do Courel, e en tres localizacións da aldea de Parada: a sede da Fundación Uxío Novoneyra, a antiga escola unitaria e máis o aloxamento rural A Carbiña.

A antiga escola unitaria de Parada acolleu o obradoiro Iniciación á ourivería, impartido pola ourive Susi Gesto (Santiago de Compostela), no que os asis-



A feira de artesanía celebrándose en diferentes espazos do Courel.

tentes traballaron as técnicas tradicionais para crear unha xoia de deseño libre; e o curso Restauración de mobles de madeira, a cargo de Sabela Fuentes e Xan Barcala, do obradoiro A Factoría Atelier (O Grove) no que se deu nova vida ao mobiliario das antigas escolas unitarias do Concello.

No aloxamento rural A Carbiña celebráronse dous obradoiros de Estampaxe téxtil impartidos pola artesá e deseñadora Natalia Moreno (Baiona), no que os asistentes aprenderon a crear composicións harmónicas e o uso da cor para diversos deseños que

estamparon de xeito artesanal sobre téxtiles naturais coma o liño ou o algodón. Posteriormente crearon un bolso cos tecidos estampados.

O artesán restaurador de instrumentos musicais e luthier Régis Floury (Baiona) impartiu dous obradoiros de Iniciación á marquetería sobre unha caixa de madeira. Os alumnos aprenderon a construír un paquete con diferentes chapas de madeira, a partir dun debuxo escollido por un mesmo, e montar a marquetería encolándoa sobre a caixa para finalmente realizar os remates precisos.

O celeiro romano de Sober volverase escavar



No outono iniciárase unha nova campaña de escavacións arqueolóxicas no xacemento romano de Proendos (Sober) coa pretensión de desenterrar por completo o horreum ou depósito de cereais que se exhumou parcialmente en anteriores intervencións.

Francisco Alonso, arqueólogo-director técnico do proxecto, sinalou á prensa que a nova intervención levarase a cabo nun terreo que se utilizou para plantar piñeiros. Aínda

que as árbores foron talados, hai tocos que poden afectar á parte de antiga estrutura que permanece enterrada. “Mentres non escavemos, non poderemos saber se as raíces causaron algún dano nos muros”, concretou.

Quérese determinar coa maior precisión posible as dimensións desta construción agrícola, dun tipo único en Galicia. A parte que xa se escavou foi consolidada e acondicionada para as visitas turísticas.

Por Moncho Mariño

Juan Tallón | Autor de "Obra Maestra"

"As persoas necesitamos investigar para poder saber"

Juan Tallón (Vilardevós) acaba de sacar do prelo a súa novela Obra Maestra (Anagrama). Estamos diante dunha ficción que realmente aconteceu. O museo Reina Sofia en Madrid encarga una escultura ao artista norteamericano Richard Serra. A es-

cultura metálica, de gran peso e volume, foi gardada un almacén de onde a roubaron. A partir de aquí, Juan Tallón recrea una serie de posibilidades arredor do suceso mediante a narración dalgúns dos personaxes deste relato.

-Hai quen apunta un xogo entre o título da novela a peza artística protagonista deste libro. Vostede buscaba este xogo cando escribiu a novela?

O título da novela ten unha dobre intencionalidade. Primeiro, fai referencia a unha escultura desaparecida que os críticos de arte cualificaban de obra mestra dentro da súa xeración. Mais hai un momento no que un dos narradores da novela sinala que a obra mestra non é a peza artística, senón o roubo. A isto fai referencia o título do libro, á peza artística en si e á súa subtracción. Sen deixar ningunha pegada. A escultura desapareceu e ninguén, nin desde a policía nin desde outra instancia souberon dar unha explicación. Como desapareceu? Quen a levou? Como a levou? Foi una desaparición perfecta e por iso un dos narradores a define como obra mestra.

-Durante o traballo de investigación para esta novela, sopesitou sobre a intencionalidade do roubo, como por exemplo vender esa

peza tan voluminosa entre outras posibilidades?

Cústame tomar partido por calquera das teorías que tentaron explicar este caso. A policía valorou por un momento que a peza puido ser substraída e cortada en diferentes pezas para vender digamos, a materia prima. Aínda así, ningunha das teses elaboradas para explicar o que pasou é concluínte. Non se pode saber o acontecido con esa escultura, entón pódese pensar en que non foi destruída e segue existindo como tal. Todo é posible, nada é definitivo.

-A pesar do xa dito quixera preguntarlle polos motivos que o moveron para escribir Obra Maestra.

Non sei se hai una razón explícita de por que os escritores acaban escribindo as novelas que escriben. Mais o feito de que a historia da escultura permanecese viva tantos anos despois, no aspecto de que non se puideron determinar os feitos e que por iso a escultura leva canda si un misterio de tanto tempo, todo isto empurroume a investigar unha historia que aínda está viva

e non foi revelada. O misterio sempre nos atrae, tanto ten o contexto. Non ter resposta a determinados interrogantes fainos máis incómodos. As persoas necesitamos investigar para poder saber.

-É posible que esaxere, mais nos seus traballos parece querer buscar moito máis alá dos feitos.

Cando contar unha historia tamén tes que contar o seu contexto. No fondo, escribir una novela esixe escribir varias novelas dun xeito que non te centres só no principal, pois para contar o final debes prestar atención a outros elementos. A min gústame contextualizar certos temas e para iso debes traballar algunhas cousas que de primeiras non son as que tratas mais permiten entender o tema principal da novela.

-Tivo algún contacto co autor da escultura protagonista da súa novela, Richard Serra?

Falar con Richard Serra podía ser non estritamente útil para a novela que estaba escribindo, porque aquilo que eu puidese ter logo dunha conversa dunha ou dúas horas co escultor non



me daría toda a información necesaria para desenvolver esta novela. O que si me parecía realmente útil era seguir todas as entrevistas e artigos relacionados co artista. Todos eses datos eran para min unha fonte moito máis útil para a clase de novela que eu quería escribir. Escribir una reportaxe ou realizar una entrevista con Richard Serra sería moi interesante, mais eu quería escribir unha novela e ademais unha novela moi particular. Entrevistar a Serra podería satisfacer o meu ego ou a miña vaidade, mais eu aquí teño a vaidade do escritor e non a do xornalista. Por iso para min eran máis importantes as entrevistas e artigos feitos por terceiros durante 40 anos que aquilo que eu lle puidese sacar a Serra.

-Ademais de seguir os traballos sobre o escultor, estudou os procesos de investigación realizados arredor de casos como os que describe na novela?

Non, eu fixen un seguimento da investigación relacionada con este caso. Estou familiarizado cos

procedementos xudiciais, fun xornalista xudicial e de sucesos. Ademais puiden acceder á causa xudicial instruída naquel momento, e por tanto si que houbo un traballo de campo, de investigación

"A min gustárame preservar o misterio, non quero saber nada sobre que pasou realmente con esta escultura"

xornalística.

-Gustáralle que coa súa novela se puidese resolver o misterio ou dar pé a unha nova investigación?

Non, a min gustárame preservar o misterio, non quero saber nada sobre que pasou realmente con esta escultura. Eu escribín esta novela para dar a coñecer o que pasou e o que puido pasar. Para min é como preservar un truco de maxia, porque cando descubres como se fai ese truco, a maxia desaparece. Quero contar a maxia do misterio.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

A capela do antigo convento de Alcántara, en Mondoñedo, será restaurada

A Xunta vai a acometer distintos traballos de restauración na capela da Venerable Orde Terceira do antigo convento de Alcántara, en Mondoñedo. As obras se atopan en fase de licitación por 213.400 euros coa intención “de recuperar e impulsar a conservación dun ben de especial singularidade histórica e un dos recursos culturais do Camiño do Norte que é preciso poñer en valor” dixo Román Rodríguez, conselleiro de Cultura. De feito, como explica, trataranse de recuperar na medida do posible a estancia orixinal dominada polo retablo, así como volver a comunicar a capela coa igrexa de San Pedro para restablecer a circulación inicial. Agora está obstaculizada pola presenza dun moble expositor que se vai desprazar para despezar o paso “e adecuar o conxunto para o uso de culto e para as visitas públicas”, engadiu.

Este proxecto enmárcase, expresou, no compromiso do Goberno autonómico co patrimonio desta vila lucense, onde o seu departamento actúa tamén noutro dos seus bens, a catedral, cun investimento de 6,5M€ ao abeiro do Plan Catedrais que a Xunta ten en marcha nos grandes templos

catedralicios para que afronten a década xacobeana nas mellores condicións.

Preservación

No caso da capela do antigo convento de Alcántara, as actuacións consistirán en corrixir patoloxías e mellorar o estado de conservación. Corrixiranse non só deficiencias relacionadas con problemas de conservación estrutural, senón tamén estético, e as humidades causadas pola falta de ventilación. Os traballos crearán un ambiente axeitado para a preservación dos elementos máis valiosos da capela, principalmente controlando o grao de humidade e mellorando a ventilación. Tamén se eliminarán os revestimentos de cemento e, en canto ao cumio, substituirase o actual por un de lousa colocado de forma cruzada tradicional.

No interior, destacan a recuperación do presbiterio de pedra primitivo -retirase a estrutura lixeira provisional existente- e a restauración do friso de pintura policromada orixinal do século XVIII nos muros norte, sur e este. Nas paredes sobre o friso e nas bóvedas eliminarase a pintura de cal branca aplicada recentemente para tratar de recuperar no posible a capa

orixinal do século XVIII, de cor branco roto.

Actuacións no coro

En canto ás estruturas de madeira, substituirase a escaleira de caracol que dá acceso ao coro por outra idéntica de castiñeiro. Se resulta viable tecnicamente conservarse a caixa da escaleira de táboa ancha que ten restos de policromía. Comprobarase ademais o estado das vigas do coro para valorar se poden recuperarse e, do contrario, mudaranse por outras de castiñeiro. Tamén se cambiarán os pontóns e entabado por elementos novos e reforzase a varanda.

Outras actuacións previstas son a restauración do portalón de entrada e as portas interiores, así como a adaptación das fiestras de madeira para que funcionen como abatibles accionadas por un sistema eléctrico con mando a distancia. Tamén se fará unha nova instalación eléctrica e mellorarase a ventilación.

Do século XVIII

A capela da Venerable Orde Terceira de Mondoñedo forma parte do complexo monumental de Alcántara, antigo convento de San Pedro de Alcántara, do que se con-



servan a igrexa de San Pedro, a antiga sancristía da capela e restos do claustro. Foi construída no ano 1731, conta cun valioso retablo maior de estilo barroco e conserva elementos do conxunto barroco orixinal, nos que pon o foco o proxecto de restauración.

A igrexa de San Pedro foi rehabilitada e acolle o Centro Cultural de Alcántara sobre escritores e músicos mindonienses e o Centro de Interpretación do Camiño Norte. A vella sancristía foi reformada como albergue público e a capela é o lugar no que se gardan os pasos da Semana Santa e acolle oficios relixiosos ocasionalmente.

O Polígono industrial de Reboredo impulsará a económica de Monforte e comarca

José Tomé Roca, alcalde de Monforte e Francisco Conde, conselleiro de Industria, visitaron o polígono industrial de Reboredo, en concreto, a nova vía de medio quilómetro construída na zona oeste, na que o Concello aportou 235.627,16€, e as actuacións de reforma dunha nave municipal que foi convertida na sede do primeiro Viveiro de Empresas industrial que terá o Concello de Monforte, e no que investiu 235.913,45€.

“A colaboración entre as dúas administracións fixo posible as dúas actuacións que vimos de ver, o novo vial para ampliar o polígono e ter máis parcelas a disposición das empresas, e o novo Viveiro de Empresas, que está en concurso aberto a emprendedores que queiran poñer en marcha proxectos e empresas de carácter industrial, e que será

unha sede para eles, de carácter gratuito e onde poderán permanecer 3 anos” dixo o alcalde.

A aposta dedicada do equipo de goberno monfortino por esta polígono empresarial do Reboredo, tradúcese nas inversións realizadas no período 2016-2022, que superan o 1,1M€ (concretamente, 1.108.949,26 €), das cales o Concello aportou 602.703,84 euros e conseguiu axudas da Xunta de Galicia por importe de 506.245,42 euros.

“Dende o Concello, apostamos claramente polo desenvolvemento deste Polígono de O Reboredo, tanto nas súas infraestruturas viarias, coa construción desta nova vía ou a dotación deste novo Viveiro de Empresas, como nos servizos de mellora de alumeadado, mellora do firme das súas rúas, melloras no saneamento e na súa depuradora, así como na

promoción diante do tecido empresarial, o que está dando uns excelentes resultados, dado o nivel de demanda e venta de parcelas fai que a oferta de terreo estea practicamente esgotada”, destacou o alcalde.

Tomé tamén recordou que o polígono contará con 14.000 metros cadrados máis de chan industrial, procedentes da revocación de contratos de compra de diversas parcelas a cargo de varias empresas, establecidos nos anos 2006 e 2007, os que se engadirán 111.000 metros cadrados, cedidos pola Deputación de Lugo.

“Estas novas incorporacións de terreo industrial permitirán nun futuro ampliar o polígono, dar resposta á demanda de solo industrial e posibilitar, así, o desenvolvemento industrial do municipio, a creación de emprego e impulsar a dinamización econó-



Visita ao Viveiro de Empresas.

mica da comarca”, subliñou o rexedor.

“Agardamos seguir nesta liña de colaboración coa Xunta, porque é a forma de seguir apoiando o desenvolvemento do noso tecido industrial, que quizais no interior de Galicia o necesita máis”, concluíu o alcalde.

O conselleiro sinalou que “A reforma realizada nunha nave para acoller un novo viveiro de empresas, así como o acondicio-

namento dunha das vías de acceso ao parque empresarial do Reboredo recibiron preto de 318.000 euros en axudas por parte da Xunta de Galicia, o que permitiu unha mobilización final de 630.000 euros. Estes apoios están enmarcados nas liñas que a Administración autonómica ten a disposición dos concellos galegos, tanto para mellorar as súas infraestruturas como para implantar viveiros”.

As Patronais 2022 de Monforte, “unhas festas que serán para recordar”

José Tome, alcalde de Monforte deu a coñecer o programa completo das Festas Patronais 2022, que se van celebrar do 11 ó 16 de agosto na cidade do Cabe. “Por fin despois destes dous últimos anos” salientou José Tomé, Monforte volve a celebrar as súas festas patronais que volven por todo o alto, e creo que van ser unhas festas para recordar”, destacou o Alcalde que baseou o éxito das mesmas en diversos motivos: “en primeiro lugar, porque volven despois da pandemia; en segundo lugar, porque vai haber máis días de festa, unha excepción que nunca houbo; e terceiro lugar, por o programa que está preparado para as Festas, cheo de concertos gratuítos, os fogos de San Vicente e do Río, pasarrúas (...)”

O alcalde recordou que foi no mes de maio cando se anunciaron os concertos musicais das festas e sinalou que “estamos convencidos de que os concertos programados van ser capaces de encher o recinto das Festas, debido á calidade das actuacións e tamén debido ó variado dos estilos musicais”.

Monforte contará este ano cun día máis de festas pasando de 5 a 6 días. De tal xeito que o día do pregón será o día 10 de agosto,

a cargo de Margarita Rodríguez Otero, e os concertos empezarán o día 11 e rematarán o día 16 de agosto.

Tamén terán lugar as actuacións, entre outros, do Grupo de Batucada Creativa, do Grupo de Gaitas e Pandereteiras Os Xograres de Lemos, do grupo de Batucada Baturruca, e da Asociación Cultural Amigos da Pandeireta, todos eles de Monforte, que amenizarán con pasarrúas as tardes dos días 11, 12, 13 e 16 de agosto.

O luns 15, será o Día do Gai-teiro, no que alboradas de grupos de gaitas saíran pola mañá e percorrerán diferentes rúas da cidade. Pola tarde, na Praza de España terá lugar a Mostra de Danza e Música Tradicional. En ambos casos, a maioría de grupos de gaitas e de danza son de Monforte.

Verán cultural

“O programa do Verán que elaboramos para o mes de agosto contén un amplo abano de actividades que conforman un completo programa cultural, co obxectivo de ofrecer unha ampla diversidade de actividades para dar satisfacción a todo tipo de públicos”, apuntou o rexedor monfortino. “E nel teñen especial cabida os grupos e músicos monfortinos, porque o noso obxectivo é saír adiante xuntos e non deixar a ninguén atrás”. O al-

calde destacou así as principais novidades do Verán Cultural: Gala Máxica Galega o domingo 7 de agosto terá lugar esta gala de maxia, na praza de España, a partir das 22:30 h, coas actuacións do Mago Rafa e o Mago Iago entre outros. Grupos de Monforte: Concertos na Rúa

As actuacións serán na zona da Compañía, nas inmediacións do bar Cristal, a Praza da Estación e a Praza de España. Os 10 grupos protagonistas deste ciclo serán: 8 de agosto: Cero2zero e Cool Flanders, na zona da Compañía. 9 de agosto: Los Jinetes del Trópico, na Praza de España. 23 de agosto: Dinosaurios e Doc Magoo's, na Praza da Estación. 24: Penny Lane e Movilla y Los Irrepetibles, na Zona da Compañía. 1 de setembro: The Poet Silence, na Praza da Estación. 2 de setembro: Ad Heira Liti e Deloreans, na Praza de España

O Concello de Monforte organiza, en colaboración coa Deputación de Lugo, os seguintes concertos, na Praza de España: 12 de agosto: Banda de música de Vilalba. 13 de agosto: concerto do grupo monfortino Vera Lynn. 14 de agosto: Banda de Música de Antas de Ulla. 16 de agosto: Baile-concerto Banda de Acordeóns O Folión.



Gloria Prada e Marina Doutón con José Tomé.

VIII Festival Cómico Festivo

Este festival desenvolverase do 11 ó 16 de agosto, e terá como escenarios a Praza de España e a rúa Cardenal. O programa do festival contará coa participación de 8 grupos, e os protagonistas serán a música, a maxia, as acrobacias aéreas, o clown, os monicreques, o mimo, o circo e a danza. Outro dos ciclos que será novidade este ano, e no que tamén colabora a Deputación de Lugo, será o adicado a música de fusión, no que a música lixeira, o jazz, o tango, o bolero, a bossa nova, o funky, o soft rock ou o swing serán os estilos protagonistas. Este ciclo terá lugar do 18 ó 20 de agosto, e os espazos que o acollerán serán a Praza de Abastos, a praza de Doutor Goyanes, a rúa do Cardenal, a praza dos Chaos, o Barrio da Estación, a Compañía e a Praza de España.

No programa de verán cultural non faltarán citas que xa son ha-

bituais nel como: Os Paseos en Barca polo Cabe, durante os meses de xullo, agosto e setembro. A Exposición de Carteis do XXVII do Concurso de deseño de carteis das festas patronais, do 18 de xullo ó 16 de agosto. A 22ª Mostra Artelemos, do 5 ó 9 de agosto. O Festival Carude Rock, o 5 de agosto. A Feira de Oportunidades de Verán, o 20 e 21 de agosto. A Festa da Empanada de Ribasaltas, o 21 de agosto. A XXIII Feira do Libro de Monforte, do 24 ó 27 de agosto. O venres 2 de setembro o Concello conmemorará o 25 aniversario da Coral Polifónica do Concello de Monforte, cunha serie de actos que anunciaremos no seu momento. O XXI Festival de Habaneras e o Festival do Paradiso, ambos o sábado 3 de setembro. A Xornada Europea da Cultura Xudía, o 4 de setembro. E a Festa do San Mateo o mércores 21 de setembro, que pechará o Programa Cultural de Verán.



Campamento de verán en Monforte



A tenente de alcalde, Gloria Prada, e o concelleiro de Deportes, José Manuel Mougán, fixeron entrega no pavillón da Pinguela dos diplomas acreditativos ós nenos e nenas que participaron na segunda quincena do Campamento Deportivo de Verán do Concello de Monforte.

O Folión de Carros volverá percorrer as rúas de Chantada en agosto

O programa das festas patronais de Chantada deuse a coñecer durante un acto que tivo lugar na Casa do Concello. O cartel deste ano, que foi presentado xunto co programa. Obra de Alejandro García, o autor homenaxea aos maiores de Chantada e reivindica a cultura tradicional agraria, coincidindo coa celebración do Día dos Avós.

As festas celebraranse entre os días 26 e 30 de agosto, ambos os incluídos e hai algunhas novidades nesta nova edición. O venres 26 substituiranse as carilanas por unha gala para nenos con xogos e música, chamada “O legado de Tibu”, que terá lugar na praza Santa Ana. As atraccións estarán situadas na chaira da rúa Taboada e, tras a celebración do folián de carros, o sábado



Carro exposto na Casa da Cultura de Chantada.

haberá un concerto do grupo de música tradicional Treixadura. O pregoeiro deste ano será o poeta, profesor e xornalista galego Luís González Tosar.

Outra das actividades que se realizará durante eses días será a Festa da Empanada, o martes 30.

Haberá charangas e as orquestras París de Noia, Tango, A Fórmula, Panorama e Os Satélites. Tamén haberá outros concertos de grupos locais o primeiro día, como o de “Tiam Gz e Rastros” e un festival de DJs.

Láncara inaugura a Casa Museo de Ángel Castro Argiz

Láncara inaugurou a Casa Museo Ángel Castro, Centro de Interpretación da Emigración Galega, que abre as súas portas co impulso da Asociación de Amistad y Solidaridad Láncara - Cuba, á que os familiares de Ángel Castro Argiz lle cederon a súa casa natal para poñer en marcha esta iniciativa.

Ao acto asistiron Javier Arias, delegado da Xunta; José Tomé, presidente da Deputación, o embaixador de Cuba en España, Marcelino Medina; o presidente da asociación Amistad y Solidaridad Láncara - Cuba, Antonio Rubén Sobrado Carballo; familiares de Ángel Castro e representantes de entidades da provincia.

Arias felicitou aos promotores “por facer realidade este museo”, que presta especial atención ao país caribeño e salientou que o centro “nace como unha homenaxe aos galegos que hoxe viven en 147 países do mundo e moi especialmente á impronta galega en Cuba, onde actualmente hai máis de 46.600 persoas de orixe



Asistentes ao acto celebrado en Láncara.

galega, das que aínda quedan 350 nacidas en Galicia”.

O delegado fixo fincapé nas liñas establecidas pola Xunta para fomentar o regreso dos galegos no exterior, con medidas como as bolsas Excelencia Xuventude Exterior, as axudas para facilitar o acceso a unha vivenda ou as achegas ao emprendemento, que só no último ano contribuíron a consolidar máis de 100 novos negocios na Comunidade promovidos por emigrantes retornados. “O 60% dos beneficiarios foron mu-

lles e o 75% do total -mulleres e homes- teñen entre 30 e 49 anos, datos que poñen de manifesto a importancia que están a ter estas accións”.

Así mesmo, subliñou que o Goberno autonómico tamén presta atención aos galegos residentes noutros países, con apoios como os concedidos en 2021 pola Secretaría Xeral da Emigración para colaborar coa comunidade galega en Cuba, destinando máis de 1,6 millóns de euros para chegar a case 6.000 familias.

Campamento Astronómico no Concello da Veiga



Actividades de lecer educativo para a xuventude.

Cristina Pichel, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, visitou aos mozos e mozas que participaron no Campamento Astronómico do Albergue Montañas de Trevinca, no Concello da Veiga. Trátase dunha das novidades da campaña de verán deste ano e que está dirixida a nenos e nenas con idades de entre 10 e 14 anos.

O programa permite que un total de 30 mozos e mozas realicen actividades de observatorio astronómico e sendeirismo, combinadas coas experiencias multiaventura do Encoro de Prada como son o piragüismo ou paseos en bicicletas de auga.

A directora xeral destacou o carácter educativo que, sen perder de vista o lecer, define a estes campamentos. Ademais,

lembrou que representan unha importante oportunidade de conciliación para as familias, que poden compaxinar a súa vida laboral coa persoal ao tempo que os seus nenos e nenas están ben atendidos.

Cristina Pichel coñeceu tamén o campo de voluntariado de Larouco, no que participan 15 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos. O programa arqueolóxico, inclúe actuacións no xacemento do Castrillón, así como actividades complementarias como o estudo da fauna e flora da contorna.

Ambas iniciativas forman parte da campaña de verán da Xunta que, baixo o lema O verán que queres contar, ofrece a mozos de todas as idades un total de máis de 10.800 prazas, a maior oferta da historia.

Festa da vendima no Saviñao

O Saviñao terá este ano a súa primeira feira do viño os días 17 e 18 de setembro na Devesa de Escarón. O programa incluírá unha cerimonia de bendición das uvas e unha demostración de pisado tradicional. “Queremos ocupar un espazo propio non calendario das feiras, sen repetir outros formatos para que non haxa saturación” indica o alcalde, Juan Carlos Armesto.

O Saviñao é un dos municipios

incluídos na subzona de Ribeiras do Miño, que con 359 hectáreas é a que ten máis superficie de viñedo inscrita en Ribeira Sacra despois da de Quiroga. En número de viticultores, Ribeiras de Miño é con diferenza a subzona máis importante da denominación de orixe. Pertencen a ela, concretamente, 816 colleiteiros dos 2.291 dados de alta no consello regulador. A pesar destas cifras, só conta con sete adegas rexistradas na denominación.